

ACTA NÚMERO: 42/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2023.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 28 de decembro de 2023 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don José Carlos López Campos, Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación
- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 21 de decembro de 2023 (Reunión 41/2023).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa LA VOZ DE GALICIA, S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2023069090).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa EDITORIAL LA CAPITAL, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2023068590).*
4. *Dar conta da oferta presentada pola empresa RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2023069112).*
5. *Dar conta da oferta presentada pola empresa, ESPÚBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do desenvolvemento da interoperabilidade dos concellos da provincia de Pontevedra co servizo "Carpeta Ciudadana" no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022 liña 5 (Fondos Nexte Generation EU). (Expte.- 2023062010).*
6. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración dunha ferramenta que permita a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas do pleno da Deputación de Pontevedra, e servizo de mantemento dos seus compoñentes. (Expte.- 2023055249).*
7. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación, posta en marcha e impulso dunha rede B2B dentro do proxecto "Da tua man (Rural II)" aprobado na convocatoria 2023 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGeneration-EU. (Expte.- 2023064156).*
8. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Soutomaior, Sobroso e Museo de Pontevedra. (Expte.- 2023058369).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra (Expte. 2023037975).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra (Expte. 2023037975).*
11. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra-ORAL así como a súa posterior entrega ao operador postal. (Expte. 2023059720).*



12. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra-ORAL así como a súa posterior entrega ao operador postal. (Expte. 2023059720).*

FÓRA DA ORDE DO DÍA, e previa declaración da urxencia.

- *Dar conta da oferta presentada pola empresa LÉREZ EDICIONES, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2023069201).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal e Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 21 de decembro de 2023 (Reunión 41/2023).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente ao día, 21 de decembro de 2023 (Reunión 41/2023).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa LA VOZ DE GALICIA, S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2023069090).

O Secretario comenta que por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 15 de decembro de 2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, de "La Voz de Galicia, S.A." para levar a cabo a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á empresa LA VOZ DE GALICIA, S.A. (A15000649), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produceu o día 15/12/2023.



A empresa LA VOZ DE GALICIA, S.A. (A15000649), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe sen IVE	157.024,80 €
IVE 21%	32.975,20 €
Importe total ofertado	190.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa LA VOZ DE GALICIA, S.A. (A15000649), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

3. Dar conta da oferta presentada pola empresa EDITORIAL LA CAPITAL, S.L. para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2023068590).

Por Resolución Presidencial nº 2023009545 de data 14 de decembro de 2023 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, da empresa Editorial La Capital, S.L. para levar a cabo a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa EDITORIAL LA CAPITAL, S.L. (B15162068), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produceu o día 14/12/2023.

A empresa EDITORIAL LA CAPITAL, S.L. (B15162068), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe sen IVE	33.057,85 €
IVE 21%	6.942,15 €
Importe total ofertado	40.000,00 €



A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa EDITORIAL LA CAPITAL, S.L. (B15162068), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

4. Dar conta da oferta presentada pola empresa RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2023069112).

Por Resolución Presidencial nº 2023009543 de data 14 de decembro de 2023 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, da empresa Rías Baixas Comunicación, S.A. para levar a cabo a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A. (A36643674), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produceu o día 14/12/2023.

A empresa RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A. (A36643674), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe sen IVE	74.380,17 €
IVE 21%	15.619,83 €
Importe total ofertado	90.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A. (A36643674), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

5. Dar conta da oferta presentada pola empresa, ESPÚBLICO SERVIZOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do desenvolvemento da interoperabilidade dos concellos da provincia de Pontevedra co servizo "Carpeta Ciudadana" no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022 liña 5 (Fondos Nexte Generation EU). (Expte.- 2023062010).



O Secretario informa que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2023, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de actuacións incluídas na Orde TER Liña 5 - Desenvolvemento da Interoperabilidade dos concellos da provincia de Pontevedra co servizo de "Carpeta Ciudadana" no marco do PRTR Compoñente 11, Inversión 3 e da Orde TER/836/2022 Liña5 (Fondos Next Generation EU) .

Neste mesmo acordo, acordouse invitar á empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842) a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación da través da Plataforma de licitación electrónica (VORTAL) que se produceu o día 17/11/23.

En data 23/11/23 a empresa Espúblico Servicios para la Administración, S.A. (CIF A50878842) presenta oferta e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	438.016,53 €
IVE (21%)	91.983,47 €
Importe ofertado con IVE	530.000,00 €

O prazo de execución ofertado foi de 4 meses.

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, ESPÚBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. (CIF A50878842) para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do desenvolvemento da interoperabilidade dos concellos da provincia de Pontevedra co servizo "Carpeta Ciudadana" no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022 liña 5 (Fondos Nexte Generation EU).

6. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración dunha ferramenta que permita a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas do pleno da Deputación de Pontevedra, e servizo de mantemento dos seus compoñentes. (Expte.- 2023055249).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº 2023008192, de data 02/11/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración dunha ferramenta que permita a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno da Deputación de Pontevedra, e servizo de mantemento dos seus compoñentes.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 6 de novembro



de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión do 23/11/2023, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo os licitadores admitidos os seguintes:

- SPICA, S.L. (B36603363)

O Secretario da Mesa de Contratación na reunión do 23 de novembro de 2023 tamén accedeu á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procedeu á descrición e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación descargada dos sobres “B” ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías, para que avaliase e ponderase as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento. Os técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra emiten informe, de data 19/12/2023, co nº CSV 1GBE0H1MPV0RW5OU, no que se conclúe o seguinte:

“Da análise realizada sobre a totalidade da documentación achegada pola empresa licitadora nas súa ofertas orixinal, conclúese que a empresa SPICA obtén unha puntuación total de “35,00”. Esta empresa alcanza o mínimo exigido de 20,00 puntos segundo o Prego de Cláusulas Administrativas.”

A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 21/12/2023, á vista do exposto no informe emitido polos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías, acordou prestar conformidade ás puntuacións acadadas polo licitador SPICA, S.L. (B36603363) na valoración técnica da oferta presentada para optar á adxudicación do contrato, procedendo na mesma sesión á apertura do sobre C, sendo os valores ofertados os seguintes:

SPICA, S.L. (B36603363)

1. Menor prezo ofertado: 41.500,00 €
2. Bolsa de horas de formación: 8 horas
3. Redución no tempo de subministración e posta en marcha do sistema: Sí
4. Unidade de debate adicional: Sí

Con data 21/12/2023 emítense polo Xefe do Servizo de Contratación o correspondente informe de puntuacións da única oferta presentada (CSV: 8P74DQ4HV0RDO1EX), obtendo SPICA, S.L. (B36603363) a maior puntuación.



A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación da subministración dunha ferramenta que permita a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno da Deputación de Pontevedra, e servizo de mantemento dos seus compoñentes, que quedan da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1ª	SPICA, S.L. (B36603363)	57,303 puntos

- 2) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato conforme ao seguinte detalle:

SPICA, S.L. (B36603363)

- Menor prezo ofertado: 41.500,00 €
- Bolsa de horas de formación: 8 horas.
- Redución no tempo de subministración e posta en marcha do sistema: Sí
- Unidade de debate adicional: Sí

7. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de creación, posta en marcha e impulso dunha rede B2B dentro do proxecto “Da tua man (Rural II)” aprobado na convocatoria 2023 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGeneration-EU. (Expte.- 2023064156).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2023008759 de data 22/11/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de creación, posta en marcha e impulso dunha rede B2B dentro do proxecto “Da tua man (Rural II)” aprobado na convocatoria 2023 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de



Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGeneration-EU.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 14 de decembro de 2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, acordando a Mesa de Contratación admitir a empresa Cinfo Contenidos Informativos Personalizados S.L. (CIF:B15757941)

A Mesa de Contratación na reunión do día 14 de decembro de 2023 tamén procedeu á apertura electrónica do sobre “B”, correspondentes á documentación avaliada mediante xuízos de valor, aportada pola única empresa presentada e admitida e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Servizo do Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local ao obxecto de que o persoal técnico do mesmo, avaliasse e ponderase as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do Servizo de Emprego e desenvolvemento Local emitiu informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor con CSV (VD75LFLY1XN0VG2R) sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

Empresas Licitadoras	1. Captación, titorización e dinamización da rede (ata 15 puntos)	2. Visibilización: vídeo- experiencias (ata 15 puntos)	3. Accións de formación e sensibilización (ata 12 puntos)	Total (ata 42 puntos)
CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL	15	10	12	37

A Mesa de Contratación na reunión celebrada o día 21/12/2023 e en base ó citado informe acordou prestar conformidade as citadas puntuacións e que se procedera á apertura do sobre “C”, correspondente a documentación avaliada mediante criterios automáticos presentada pola empresa Cinfo Contenidos Informativos Personalizados S.L., ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (21,00 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A Mesa de contratación na reunión do 21/12/2023 tamén procedeu a apertura das propostas do sobre “C” da empresa CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL sendo os valores ofertados os seguintes:

- Empresa: Cinfo Contenidos Informativos Personalizados SL



1.- Prezo total ofertado (sen iva):

Importe sen o IVE:58.200,00 €
IVE (21 %): 12.197,00 €
Importe total ofertado:70.422,00 €

2.- Incremento do número de vídeo-experiencias:

Numero de vídeo experiencias ofertadas a maiores do mínimo esixido (18): 5

3.- Deseño e produción de microvídeo-experiencias derivadas das vídeo-experiencias para redes sociais.

Nº de microvídeo-experiencias derivadas das vídeo-experiencias para redes sociais ofertadas: 23.

4.- Incremento do número de tutoriales.

- Número de tutoriales ofertados a maiores do mínimo esixido (5): 3

A Mesa de Contratación procedeu a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre C correspondentes aos criterios automáticos, de conformidade co previsto no informe emitido polo Xefe do Servizo de contratación con CSV (9FFU6B2KP30O58V9), sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

Criterios automáticos	Cinfo Contenidos Informativos Personalizados S.L.
1. Menor prezo total ofertado sen IVE (máximo 34 puntos).	13,67
2.Incremento nº video experiencias (máximo 10 puntos)	10,00
3.- Nº microvídeo experiencias derivadas das vídeo-experiencias para redes sociais ofertadas (máximo 8 puntos)	8,00
4.- Incremento do numero de tutoriales (máximo 6 puntos)	6,00
TOTAL PUNTUACION SOBRE C (Ata un máx. de 58 puntos)	37,67

A Mesa de contratación acorda:

1.- Aprobar a clasificación da oferta presentada e admitida no procedemento aberto convocado para contratación dos referidos servizos, sendo esta a seguinte:



Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx. 42 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx. 58 puntos)	Puntuación total
1ª	<i>CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L.</i> (C.I.F B15757941)	37	37,67	74,67

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa *CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L.* polos prezos e valores ofertados por dita empresa.

8. Proposta de adxudicación do procedo aberto convocado para a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao castelo de Soutomaio, Sobroso e Museo de Pontevedra. (Expte.- 2023058369).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno, do día 24/11/2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaio, Sobroso e Museo de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27/11/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 14 de decembro de 2023 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A” correspondentes a documentación administrativa, sendo a única empresa presentada e admitida a licitación a seguinte:

- TIQUETEO SPAIN S.L. (B-66045345)

A Mesa de Contratación na reunión do día 14/12/2023 tamén procedeu á apertura da documentación presentada nos sobres “B” con criterios avaliados mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, Dª. Ruth González Reyes, con data 19/12/2023, emitiu informe de valoración da documentación técnica presentada polo



licitador (csv: HPY1G5CA9BKFEN0Y), figurando a empresa admitida cunha puntuación de 38 puntos.

A Mesa de Contratación na reunión celebrada o día 21/12/2023 en base ó citado informe acordou prestar conformidade a citada puntuación e procedeu á decarga da documentación presentada no sobres "C" correspondente os criterios de valoración automática presentado pola empresa que participa no procedemento aberto convocado para contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaio, Sobroso e Museo de Pontevedra e que acadou unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados son os seguintes:

- TIQUETEO SPAIN S.L. (B-66045345)
 - Precio total ofertado:

Precio ofertado en la parte fija, sin IVA (el importe ofertado en la parte fija (sin IVA) no puede exceder los 27.000,00 euros)	22.000 € + IVA
Precio ofertado para entradas adicionales superiores a 15.000,00€ (Castelo de Soutomaio), multiplicado por el número estimado de entradas vendidas (15.000 entradas) <i>Nota: El importe ofertado sin IVA no podrá ser inferior a 0,40€ ni superior a 0,60€</i>	0,40 € + IVA Volumen de 15.000 entradas sería 6.000 € + IVA.
Precio ofertado para entradas adicionales superiores a 2000 (Castelo de Sobroso), multiplicado por el número estimado de entradas vendidas (2000 entradas) <i>Nota: El importe ofertado sin IVA no podrá ser inferior a 0,40€ ni superior a 0,60€</i>	0,40 € + IVA Volumen de 2.000 entradas sería 800 € + IVA.

2. Sistemas de pago alternativos online a los solicitados en el PPT (marcar con una X)

Por Bizum y Paypal: X
 Por Alipay: X
 Por WeChat: X

3. Número de idiomas adicionales a los solicitados en ñas especificaciones técnicas, en la implementación del sitio web de venta de entradas e indicar cuáles son:

Número de idiomas: 4



Relación de idiomas ofrecidos:

1	Inglés
2	Francés
3	Italiano
4	Portugués
...	

4. Aumento de la oferta de dispositivos relacionados con el acceso operativo a Castillos y Museo. Marcar con una X.

Para 2 PDA (para cada entidad): X

Para 4 PDA (para cada entidad)

5. Dotación de papel para la impresión de billetes. Marca con una X.

Proporcionando papel para 25.000 billetes:

Proporcionando papel para 50.000 billetes: X

Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, as puntuacións no sobre "C" foron as seguintes:

	Tiqueteo Spain S.L.
1. Prezo total ofertado sen IVE (máximo 42 puntos).	42,00
2. Sistemas de pago alternativos aos solicitados no PPT	9,00
3. Pola implantación da páxina web de venda de entradas en idiomas adicionais aos solicitados nos pregos	0,00
4. Incremento de subministro de dispositivos relacionados coa operativa de acceso aos Castelos e Museo	2,00
5. Dotación de papel para impresión de entradas	3,00
TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 62 puntos)	56,00

As puntuacións do sobre "B" máis o sobre "C" foron as seguintes:

TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 38 puntos)	38,00
TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 62 puntos)	56,00
TOTAL B+C	94,00

A Mesa de contratación acorda:

1.- Aprobar a clasificación da oferta presentada e admitida no procedemento aberto convocado para a contratación do referido servizo, sendo esta a seguinte:

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx. 38 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx. 62 puntos)	Puntuación total
1ª	TIQUETEO SPAIN S.L.	38,00	56,00	94,00



A Mesa de Contratación comproba que a empresa atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa *TIQUETEO SPAIN S.L.* (B-66045345), polos prezos e valores ofertados por dita empresa.

9. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra (Expte. 2023037975).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que acordo da Xunta de Goberno nº 10.33155, de data 10/11/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 16/11/2023 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16 de novembro de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- EAM SISTEMAS INFORMÁTICOS S.L. B47390687
- INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA S.L. B62758602
- EDNON S.L. B36938009
- ALTIA CONSULTORES S.A. A15456585
- OMEGA PERIPHERALS S.L. B60343076

10. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación available mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra (Expte. 2023037975).

A Mesa de Contratación, na reunión do 28 de decembro de 2023, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra, sendo os licitadores admitidos os seguintes:

- EAM SISTEMAS INFORMÁTICOS S.L. B47390687
- INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA S.L. B62758602
- EDNON S.L. B36938009
- ALTIA CONSULTORES S.A. A15456585
- OMEGA PERIPHERALS S.L. B60343076

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías, para que avalíe e pondere as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento.

11. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e



notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra-ORAL así como a súa posterior entrega ao operador postal. (Expte. 2023059720).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 11 de novembro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificación xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra -Oral, así como a súa entrega ao operador postal.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 12 de decembro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- FORMATO3 SERVICIOS DE PUBLICIDAD Y MARKETING, S.A.
- GUREAK MARKETING S.L.U
- MAILTECK, S.A.
- TELEMAIL, S.L.
- MAILING ANDALUCIA
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS SA SME
- CONSORCIO DE MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES, S.L.



12. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra-ORAL así como a súa posterior entrega ao operador postal. (Expte. 2023059720).

A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de decembro de 2023 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra-ORAL así como a súa posterior entrega ao operador postal, sendo as empresas admitidas a licitación as seguintes:

- FORMATO3 SERVICIOS DE PUBLICIDAD Y MARKETING, S.A.
- GUREAK MARKETING S.L.U
- MAILTECK, S.A.
- TELEMAIL, S.L.
- MAILING ANDALUCIA
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS SA SME
- CONSORCIO DE MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES, S.L.

A continuación o Secretario da Mesa accede a plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave personal, quedando garantidas todas as súas actuacións, mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede a descrición e descarga da documentación dos “sobres B” correspondente ós criterios avaliables mediante xuízos de valor, presentada polas empresas admitidas ó procedemento aberto convocado para a contratación do devandito servizo.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada dos “sobres B”, ós técnicos do Servizo do ORAL, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

FÓRA DA ORDE DO DÍA, e previa declaración por unanimidade da urxencia, tratouse o seguinte asunto:

- ***Dar conta da oferta presentada pola empresa LÉREZ EDICIONES, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2023069201).***



O Secretario informa que por acordo da Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, coa empresa, Lérez Ediciones, S.L.U., para levar a cabo a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra durante a anualidade 2024.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á empresa LÉREZ EDICIONES, S.L.U. (B36003549), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produceu o día 11/12/2023.

A empresa LÉREZ EDICIONES, S.L.U. (B36003549), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe sen IVE	140.495,87 €
IVE 21%	29.504,13 €
Importe total ofertado	170.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa LÉREZ EDICIONES, S.L.U. (B36003549), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

